

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de xullo de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos horas do día vinte e nove de xullode dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria do Pleno, Sra. Campos Acuña, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(853).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de xullo de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(854).- PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2011. EXPTE. 42728/516.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Administración de Tributos, do 22.07.11, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e o concelleiro da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobalo Padrón do Imposto sobre Actividades Económicas do Municipio de Vigo para o ano 2011 por importe total 12.813.546,94 € dos que 11.399.166,50.- € corresponden a cota municipal e 1.414.380,44,-€ ao recargo provincial que contén 4.240 inscricións, comezando " UTE NAVES PUERTO VIGO " e rematando por "ZURICH SERVICES A.I.E.".

2.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

**3(855).- PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO ANO 2011. EXPTE. 38713/512**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Administración de Tributos, do 19.07.11, conformado pola directora de Ingresos, o interventor xeral e o concelleiro da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar o Padrón do Imposto sobre Bens Inmobles do ano 2011 por importe de 53.164.367,38 € (cincuenta e tres millóns cento sesenta e catro mil trescentos sesenta e sete euros con trinta e oito céntimos) que consta de 197.961 inscricións de bens de natureza urbana por importe de 51.167.445,05 € segundo relación comeza por Fernandez Diz Jose Luis e remata por Calviño Rodríguez Dolores e de 758 inscricións de bens de características especiais por importe de 1.996.922,33 € segundo relación comeza por SPANAIR, SA. e remata por AQUALIA Gestión Integral del Agua."

2º.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

**4(856).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 898/22.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do programa de SAF, do 11.07.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar á D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Martínez Pérez.

**5(857).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE LA FIESTA ESCÉNICA S.L. CONSTITUÍDA POLO CONTRATO DE DISEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS DA CABALGATA DE REIS 2011. EXPTE. 4205/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizo de Festas, do 19.07.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada de Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución da fianza constituída en data 29 de outubro de 2010 por LA FIESTA ESCÉCNICA S.L. con CIF B-36.963.577, polo importe de 2.076,77 euros, para o deseño e produción das carrozas da Cabalgata de Reis 2011, tras a correcta prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria.

**6(858).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.616,34 € A FAVOR DE TOCA Y SALGADO S.L. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS. EXPTE. 3076/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 18.07.11, conformado polo concelleiro delegado de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de xuño do 2011 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.

2º.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 16.616,34 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de xuño do 2011.

3º.- Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620.2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

**7(859).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.234,10 € A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLOS SERVIZOS PRESTADOS EN DITO MERCADO. EXPTE. 5309/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 4.07.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutiva a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.234,10 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 21.234,10 €, correspondentes á factura seguinte:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5308/551	V	12 11	01/07/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.234,10 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

**8(860).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS” PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 5157/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.04.11, o informe de fiscalización, do 27.04.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 17.03.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Veciños de Teis” (CIF 36646545).

2º.- Autorizar o gasto de 55.000 € con cargo á partida 9240.4890007 “Convenio Asociación Veciños Teis”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS**

*En Vigo, --- de ----- de dous mil once*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo con DNI 35891051-B, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545) con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 5157-320.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade “Asociación de Veciños de Teis”, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- Educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as, así como, dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- Fomentar a recuperación da cultura galega e a normalización da nosa lingua.*
- Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas da nosa parroquia.*
- Defender, fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.)*
- Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

*Actividades todas elas de gran interese para a veciñanza, tanto do barrio de Teis, coma para os restantes veciños e veciñas da cidade , e que tendo en conta as instalacións de que dispón o Concello de Vigo no Centro Cívico e a posibilidade de acoller a organización de ditas actividades, así como, a co-xestión do centro constitúen o obxecto do convenio.*

*II.- Que o Concello de Vigo dispón no barrio de Teis dun Centro Cívico; infraestrutura sociocomunitaria de proximidade á cidadanía, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no sentido mais amplo do termo, onde a cidadanía establece as súas primeiras demandas, o que posibilita un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.*

*Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración na planificación e programación xeral do Centro Cívico de Teis e nas actividades e proxectos concretos que desa planificación e programación deriven, así como, as accións encamiñadas ao mantemento e conservación do inmovible.*

*III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 € a favor da Asociación de Veciños de Teis.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización e execución dos programas de actividades no Centro Cívico de Teis a realizar pola Asociación de Veciños de Teis segundo a memoria que se achega na documentación complementaria a este convenio.*

*V.- Que a entidade Asociación de Veciños de Teis, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas*

*obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran xunto co expediente.*

*VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Veciños de Teis”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade “Asociación de Veciños de Teis” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para establecer as bases de colaboración na organización e execución dos programas de actividades que se leven a cabo no Centro Cívico de Teis, así como, regular as condición de uso, mantemento e conservación da infraestrutura municipal, e concretamente:*

- 1. A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución do programa e proxectos que se achegan na documentación complementaria ao convenio, co fin de destinar esta infraestrutura aos fins de interese xeral e social en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación.*
- 2. Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil que ampare calquera danos que poida ocasionar ó local polos actos u omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.*
- 3. Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e o contido.*
- 4. Farase cargo dos gastos derivados da programación das actividades en xeral e en particular aqueles de mantemento e conservación das infraestruturas e do equipamento, así como os consumos de teléfono que teña o centro, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.*
- 5. Contratar a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da programación dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro*
- 6. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final, xunto co balance anual de xestión e económico, así como o inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.*
- 7. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*
- 8. Informar, colaborar e implicar as diferentes entidades do barrio no proxecto do centro e na súa xestión.*
- 9. A Asociación velará polo bo uso e conservación de todas as instalacións que conforman o centro, así como, do mobiliario e do material para as actividades existentes.*
- 10. Coordinarse e colaborar cas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.*
- 11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.*
- 12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
- 13. Comezar as actividades á hora anunciado ao público, comprobando ca antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*

14. Devolver os espazos cedidos, o seu equipamento e instalacións, nas mesmas condicións da entrega. A tal fin, velará polo bo uso e conservación das instalacións cedidas, así como do mobiliario e do material necesarios para as actividades, restituíndo as perdas ou deterioro do material e instalacións.
15. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
16. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente que son actividades subvencionadas pola concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.
17. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Outras funcións da Asociación de Veciños de Teis derivadas deste convenio serían:

- A xestión da cesión temporal en uso dos espazos comúns e material auxiliar do centro a toda a cidadanía e entidades públicas ou privadas conforme aos criterios establecidos nas normas de réxime interno. Exclúese da cesión, a realización de actividades con ánimo de lucro, as da venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo, e as que atente contra os principios constitucionais e dereitos humanos.
- Non se poderá retirar o material auxiliar do centro sen a previa autorización escrita da Concellaría de Participación Cidadá.
- Xestionar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades, facilitándolle a súa realización no centro cívico.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar o material, mobiliario e infraestruturas necesarias para un correcto funcionamento do equipamento:  
Dentro da infraestrutura emprázanse os seguintes espazos destinados xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

#### EDIFICIO DE SERVIZOS:

Planta semisoto:

- Unha sala de reunións polivalente.
- Un taller de cociña.
- Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

- Un centro de atención municipal (CAM).
- Unha oficina de administración e xestión.
- Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

- Unha aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e a información.
- Dúas aulas de formación.
- Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

- Unha documenteca asociativa.

#### AUDITORIO:

- Un auditorio-teatro.
- Unha sala de conferencias.
- Unha sala de exposición temporais.

*Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.  
Unha taquilla para despacho de entradas.*

**OUTRAS INSTALACIÓNS:**

*Pista polideportiva cuberta con vestiarios e peche perimetral.  
Parque infantil.*

*Os espazos adicados a Servizos de xestión municipal directa: Centro de Atención Municipal, e Documenteca Asociativa, serán considerados como centros de custo diferenciado e por tanto, non serán imputable ao presuposto xeral do centro, quedando fora do ámbito de aplicación do presente convenio.*

*O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Consideraranse períodos de vacacións aqueles que así se determine polo calendario oficial e concretamente o mes de agosto, o Nadal e a semana santa.*

*Ao marxe deste horario de apertura do equipamento, este poderase utilizar fóra do horario habitual, previa autorización dos órganos de xestión do centro. Este tipo de uso e procedemento a seguir quedará regulado no regulamento provisional de réxime interno do centro, en tanto non se aprobe un definitivo polo órgano municipal competente.*

- 2. Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendios, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), vixilancia e seguridade, limpeza, consumo de auga, subministracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral. Asemade será por conta do Concello os gastos da liña ADSL, do teléfono e do fax do Centro de Atención Municipal, e do mantemento da fotocopiadora ata un máximo de 30.000 uds.*
- 3. Asumir os gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestruturas do Centro Cívico. Así como a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control dos subministros que sexan necesarios incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.*
- 4. Conceder directamente á entidade “Asociación de Veciños de Teis” unha subvención por importe de 55.000,00 € co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos derivados da xestión realizada pola asociación para o cumprimento do establecido neste convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma*

proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sexto.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da concellería de Participación Cidadá subministrado polo servizo xestor do convenio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa concellería de Participación Cidadá.
- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Sétimo.- Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
- Tres vocais:
  - Un/unha funcionario/a adscrito a dita Concellaría
  - Dous a membros da Xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar e aprobar o programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños para cada trimestre no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.
- d) Controlar o bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.
- e) Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades e de mantemento do centro.
- f) Procurar a participación doutras entidades públicas e privadas no financiamento e desenvolvemento dos programas e actividades.
- g) Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento de actividades de carácter anual e para facilitar a execución dos programas proxectados, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta que se aboaran por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola “Asociación Veciñal de Teis” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial, coa súa correspondente conta xustificativa, presentarase no prazo máximo de un mes desde a finalización do convenio e deberá incluír a memoria final relativa ao cumprimento total das actividades obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

- a) *Solicitud de liquidación.*
- b) *Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*
  1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
  2. *Datas e lugar de celebración.*
  3. *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
  4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
  5. *Actuacións realizadas.*
  6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
  7. *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
  8. *Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado 8.1)), polo importe total da subvención outorgada.*
    1. *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*
    2. *Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa. Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido*

*(IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*

- 3. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*
- 9. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 10. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  - 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  - 2. Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  - 3. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
  - 4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.*

*No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso,*

*todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación trimestral de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2011.*

**9(861).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA COADJUVAR AO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2011. EXPTE. 5212/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.11, o informe de fiscalización, do 21.07.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 11.07.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36704666).
- 2.- Autorizar o gasto de 15.000 € con cargo á partida 9240.4890001 “Convenio Fed. Peñas Recreativas El Olivo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011.
- 3º.- Facultar ao Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”*

*En Vigo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil once*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra D. Balbino Moreira Vállez en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, con CIF: G-36704666, e domicilio na Praza de Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 5212-320.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- ✓ *A estimulación e desenvolvemento do deporte*
- ✓ *O fomento e estimulación da cultura e o arte*
- ✓ *A organización e desenvolvemento de eventos recreativos*
- ✓ *O apoio as iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo*

*II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao*

asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890001 (Convenio “Fed. Peñas Recreativas El Olivo”), prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 15.000 € a favor da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 5212-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- ▣ Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

ÁREAS	CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO
Organización	Xestión e Administración <ul style="list-style-type: none"><li>• Local Social</li><li>• Consumibles</li><li>• Administración</li><li>• Subministros</li></ul>	6.000,00 €
Promoción	Edición da Revista Anuario	2.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas	2.500,00 €
Social	XXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	4.000,00 €
	<i>Total</i>	15.000,00 €

- *Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .*
- *Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- *A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.*
- *Darllas ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente o financiamento do concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.*
- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- *Respectar a estrutura organizativa da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.*

- Conceder directamente á entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” unha subvención por importe de 15.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.*

*Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.*

*Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*

*As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

*a)Solicitude de liquidación final.*

b) Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

a) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.*

**10(862).- CONCESIÓN DE PREMIOS DO I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES DA COMUNIDADE GALEGA. EXPTE. 4263/337.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente.

**11(863).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. JESÚS LÓPEZ MOURE. EXPTE. 22216/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 19.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*En escrito de data 14/07/2011 a Sra. Concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas do Benestar solicitou que se procedese á reasignación do posto de traballo existente na Área de Servizos Xerais denominado “Xefe/a do Servizo administrativo e control presupostario da Área de Servizos Xerais”, código 440.03 da vixente RPT, á Área de Cultura e Festas, xuntamente co funcionario adscrito ao mesmo, D. Jesús López Moure, con nº de persoal 77.210, debendo red denominarse “Xefe/a do Servizo de Xestión e Promoción Cultural”; reasignación que foi acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15/07/2011.*

*No mesmo escrito solicitábase que “se proceda a encomendar funcións de coordinación administrativa, supervisión da actividade da Área de Cultura e Festas e asistencia á Concelleira-delegada ao funcionario D. Jesús López Moure, en base ao cal se procederá ao outorgamento do complemento de*

*productividade que proceda polas funcións realizadas, nos termos das vixentes instrucións sobre plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.”*

*Como queira que a xestión das actividades a desenvolver pola Área de Cultura e Festas non pode demorarse ata a finalización dos trámites administrativos necesarios para a creación formal dos órganos directivos municipais, que debe ser realizada mediante a correspondente elaboración e aprobación do Regulamento Orgánico Municipal, adaptándoo ás últimas modificacións lexislativas, cabe aplicar o disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*Considerando as competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución do 13/06/2011, así como para a xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en Acordo de 17/06/2011,*

## **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas e asistencia á Concelleira-delegada da Área, Sra. Abelairas Rodríguez, ao funcionario municipal D. Jesús López Moure, con nº de persoal 77.210, Xefe/a do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, de conformidade coa solicitude formulada pola mesma en escrito de data 14/07/2011; funcións que en todo caso se desenvolverán baixo a dependencia directa da Concellería-delegada de Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvoltas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.*

*A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.*

*Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, xefes/as das áreas e servizos correspondentes e Sres. Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos.*

*Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos*

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**12(864).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL QUE PRESTOU SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO PLENO DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 22176/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Pleno de Constitución e Investidura da Nova Corporación Municipal”, aboarase ó persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Pablo José González Fernández e remata por dona Ángeles Garrido Domínguez por unha cantidade total de 474'28 €.

**13(865).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2011. EXPTE 22182/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2011, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 3.385'09 € (tres mil trescientos oitenta e cinco euros con nove céntimos) con cargo ao RC 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**14(866).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2011. EXPTE. 22179/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	442,20	111,52	553,72
Alcaldía (oficina)	Xuño	Abalde Comesaña, Raquel	176,88	2,72	179,60
Limpeza	Xuño	Alonso Garrido, Eva María a Vázquez Varela, Severino	209,04	1.729,92	1.938,96
Policía Local	Xuño	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	34.163,34	24.836,10	58.999,44
Parque Central	Xuño	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	936,66	734,40	1.671,06
Parque Móbil	Xuño	De Alonso González, Angel a Villaverde Villaverde, J. Manuel	653,25	1.455,20	2.108,45
Tenencia Alcaldía	Xuño	De Pérez Costas, José Luis	8,04	21,76	29,80
Extinción Incendios	Maio/Xuño	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto	8.060,10	1.444,32	9.504,42
Cemiterios	Xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.806,99	0,00	1.806,99
IMD	Xuño	De Rodriguez Presas, Julio	75,38	6,80	82,18
Montes, Parques e Xardíns	Xuño	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.173,84	734,40	1.908,24
Museo	Maio/Xuño	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	553,76	0,00	553,76
Electromecánicos	Maio/Xuño	De Arias Rodríguez, Dámaso	172,86	786,08	958,94
Conserxería Eleccións	Maio	De Pérez Dasilva, Eduardo a López Moure, Jesús	2.255,22	0,00	2.255,22
Parque Central Elecciones	Maio	De Agra Abalde, José Angel a Villaverde Villaverde, J. Manuel	2.934,60	0,00	2.934,60
TOTAL			53.622,15	31.863,22	85.485,37

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 85.485,37 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.

**15(867.- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2011. EXPTE. 22178/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles

correspondente ao mes de Xuño-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**16(868).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2011. EXPTE. 22187/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xuño-2011 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**17(869).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2011. EXPTE. 22177/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de xuño de 2011, e que ascenden a un total de 1.033,76 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**18(870).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL XUÑO 2011. EXPTE. 22215/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.07.11, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 7.687,88 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por ra-

zón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Gonzalo Argibay Barciela e que remata en D. Emilio Iglesias Alvarez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período maio 2011.”

	SERVIZO	TOTAL
1710	Montes, Parques e Xardíns	433,01 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.415,00 €
9222	Parque Móbil	217,09 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	131,27 €
1640	Cemiterios	167,96 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	806,17 €
9310	Inspección de Tributos	1.453,69 €
1210	Conserxería	534,28 €
2310	Benestar Social	17,55 €
3330	Museo Quiñones de León	61,56 €
1650	Servizos Electromecánicos	450,30 €
	TOTAL	7.687,88 €

**19(871).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 08.07.2011, SOBRE ABOAMENTO DE XORNADAS DE REFORZO Á POLICÍA LOCAL (EXPTE. 22171/220). EXPTE. 22214/220.**

Dase conta do informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 19.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de xullo de 2011, adoptou o acordo de asignación de complemento de produtividade ao persoal da policía local pola realización de xornadas de reforzo nos meses de marzo e abril do presente ano.*

*Recíbese en data 19 de xullo de 2011, escrito do Intendente D Francisco Martínez Muñoz no que se comunica a este Servizo o erro detectado no listado remitido no que se incluíu a D Pedro M Díaz Justo cando este non debería figurar no mesmo.*

*Polo anteriormente expresado, ó abeiro do disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, formulase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO**

**1º.- Rectificar o erro material detectados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2011, sobre a asignación de complemento de produtividade ao persoal da policía local pola**

*realización de xornadas de reforzo, no que figura por erro D Pedro M Diaz Justo, con n de persoal 78750 e a cantidade de 208.62 €*

*2º.- Ordenar que se proceda a efectua-lo oportuno desconto na vindeira nómina a D Pedro M Diaz Justo, con n de persoal 78750 a cantidade de 208.62€*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(872).- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. CELSO ALONSO BLANCO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE CANTIDADES. EXPTE. 22211/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 18.07.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*1.- En escrito de data 01/04/2009 (documento nº 90046198) o funcionario municipal D. Celso Alonso Blanco, con nº de persoal 17070, adscrito á Policía Local, solicita o recoñecemento do dereito á percepción das cantidades que consigna no propio escrito, derivadas do período de suspensión de emprego e soldo derivado dos feitos sancionados por Sentenza de 19 de abril de 1999, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra.*

*2.- En acordo de data 15/03/2010 (expediente administrativo nº 19.697/220) a Xunta de Goberno Local resolveu desestimar a reclamación presentada, pola motivación e fundamentos xurídicos contidos no informe-proposta emitido ao efecto.*

*3.- Presentado recurso de reposición contra o dito acordo en escrito de data 22/04/2010 (documento nº 100055513) procede resolver expresamente sobre o mesmo, así como sobre oa operatividade e efectos do silencio administrativo como modo de produción dos actos administrativos.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O recurso presentado cumpre os requisitos formais e materiais esixidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) para a presentación dos recursos administrativos (con carácter xeral, artigo 107 da Lei, e artigos 116 e 117 en canto aos requisitos específicos esixibles ao recurso potestativo de reposición). Procede, en consecuencia, a admisión a trámite do mesmo, e a conseguinte resolución expresa.*

*II.- No presente suposto pode observarse con meridiana claridade a operatividade da figura xurídica do silencio administrativo como modo de produción dos actos administrativos, nos termos do disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro sinalada, que contempla os efectos desestimatorios do silencio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións, entre outros, podendo entenderse que a citada reclamación foi desestimada por silencio administrativo, en aplicación do precepto legal invocado, debido ao transcurso do prazo de 6 meses dende a presentación do recurso de reposición sen que tivese recaído resolución expresa.*

*Como a propia Lei sinala, a desestimación por silencio administrativo ten os sós efectos de permitir ao interesado a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente; debendo indicarse que á data de hoxe non consta a interposición por parte do reclamante de recurso contencioso-administrativo contra a desestimación por silencio (producida a mesma o 15/09/2010) nos termos do esixido pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ou de ningún outro recurso procedente en Dereito.*

*En consecuencia, procede confirmar expresamente o acto administrativo producido por silencio administrativo, xuntamento cos efectos do mesmo, que en aplicación do precepto indicado, ten carácter negativo, podendo o mesmo entenderse desestimado, como establece o mesmo artigo 43 sinalado.*

*III.- Vistas as competencias atribuídas á Xunta de Goberno, recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal (competencias delegadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 13/06/2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*Primeiro.- Confirmar, ao abeiro do disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o acto administrativo producido por silencio administrativo no recurso de reposición interposto polo funcionario municipal D. Celso Alonso Blanco, con nº de persoal 17070, en escrito de data 22/04/2010 (100055513) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/03/2011, con efectos negativos e por tanto, desestimatorios do recurso interposto.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo unicamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(873).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCÍONS A D. GERARDO SÁNCHEZ VICENTE. EXPTE. 22209/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 15.05.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Vista o escrito do Xefe do Servizo de Parques e Xardíns, conformado pola Concelleira delegada de Parques e Xardíns de data 1 de abril de 2011 e a situación en canto ao persoal existente no Servizo, no que a data de hoxe atopanse vacante un posto de capataz, e ante a necesidade de desenvolvemento das funcións do mesmo, en canto a organización e desenrolo das tarefas do Servizo polo que se solicita a encomenda de funcións ao oficial de oficios D Gerardo Sanchez Vicente, con n de persoal 17555 e posto de xefe de equipo, a realización das devanditas funcións.*

*De conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*Considerando necesario garanti-lo correcto funcionamento do Servizo de Parques e Xardins, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### RESOLVO

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario municipal D Gerardo Sanchez Vicente, con nº de persoal 17555 , xefe de equipo do Servizo de Parques e Xardins, funcións correspondentes ao posto de capataz no devandito Servizo.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data da Resolución ata que se proceda a cobertura do posto e en todo caso ata o 31 de decembro de 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento correspondentes as funcións do posto encomendado.*

*Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Servizo de Parques e Xardins, Xefatura do Serizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**22(874).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA**

## **DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. FRANCISCO ENTENZA RIAL. EXPTE. 22128/220.**

Dáse conta do informe-proposta do xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.06.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

### *ANTECEDENTES*

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. FRANCISCO ENTENZA RIAL ten a condición de empregado público municipal, con nº de persoal 12842, data de nacemento 01/07/1941, con posto de traballo de VIXIANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (pto. 218), grupo E, adscrito ao Servizo de EDUCACIÓN, traballador que solicitou a continuidade no servizo activo ata os 70 anos en escrito de data 17/02/2006.

### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”.

II.- Igualmente, o artigo 67, apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”.

III.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. FRANCISCO ENTENZA RIAL con data de efectos 01/07/2011, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño do 2011, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4).

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do funcionario municipal D. FRANCISCO ENTENZA RIAL con data de efectos 01/07/2011, con nº de persoal 12842, con posto de traballo de VIXIANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (pto. 218), grupo E, adscrito ao Servizo de EDUCACIÓN, en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 28.06.11 , o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**23(875).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. DANIEL ALVAREZ VÁZQUEZ. EXPTE. 22125/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 15.05.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*O Xefe da Area de Benestar Social, co conforme da Concelleira Delegada de Benestar Social segundo informe de data 26 de xullo de 2010, dada a estrutura administrativa do servizo, que conta con quince auxiliares administrativos e un admsintrativo, tem a necesidade de contar cunha xefatura de negociado que permita artellar axeitadamente as funcions administrativas do Servizo.*

*O devandito escrito solicitase a creacion da xefatura de negociado de benestar social.*

*Mentras o servizo non conte com dito posto adscrito e ante a necesidade de realizar as funcions correspondentes a xestion administrativa do servizo de benestar social, solicita a realizacion dunha encomenda das funcions do posto de xefe de negociado ao funcionario D Daniel Alvarez Vazquez, com N.P. 21686 , administrativo adscrito a dito servizo.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

**R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D Daniel Alvarez VAzquez con nº de persoal 21686 , adscrito ao posto de administrativo no servizo de Benestar Social a realizacion das funcions correspondentes a xefatura de negociado, compatibilizando ditas fuciones coas propias do seu posto de traballo e desenvolvendoas dentro da sua xornada habitual de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscripción dun posto de xefe de negociado e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á*

*Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

*Terceiro.- Da presente resolución, dése traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **24(876).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE PERMISO RETRIBUÍDO DE D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN OCAMPO CARDALDA. EXPTE. 22200/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnico de xestión de Recursos Humanos, do 12.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 7 de xullo de 2011, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 110097372), D<sup>a</sup> Concepción Ocampo Cardalda, xefa de negociado da Administración de Tributos, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado do seu marido, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais*

*O art. 76.1.k), do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.*

*O interesado aporta informe médico do estado de saúde do seu marido.*

*Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Go-*

berno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

*“Autorizar a D<sup>a</sup> Concepción Ocampo Cardalda, xefa de negociado da Administración de Tributos, un permiso retribuído do 15 de xuño ao 5 de xullo de 2011, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ao coidado do seu marido.”*

Con data 12.07.11, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **25(877).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DE D. SECUNDINO OTERO FAILDE Ó SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE.EXPTE. 22186/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 6.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Con motivo da reestructuración das áreas de goberno tras a constitución das novas corporacións locais o pasado 11/06/2011, foi acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 01/07/2011 a reconfiguración do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo”.*

*Dado que o mesmo se atopa vacante na actualidade, tras a readscripción da funcioanria que ocupaba o mesmo á Xerencia Municipal de Urbanismo, debe procederse á adscripción de un efectivo de perfil técnico, a fin de garantir a debida prestación do servizo.*

*A Base 34<sup>a</sup> das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011 establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;*

*Igualmente, a dita base sinala que “de conformidade co disposto no artigo 29.2 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello. En calquera caso, serán cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26, buscando así unha aplicación analóxica do contido do artigo 30 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo.*

*O funcionariado que provisionalmente ou definitivamente ocupen un posto destas características poderán ser removidos ou destituídos respectivamente, en calquera momento con carácter discrecional segundo o disposto nos artigos 29.4 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se apro-*

ba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia e 16.3 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo da Xunta de Galicia.

Ós/ás funcionarios/as trasladados asignaráselles outro destino provisional, ó careceren de dereito a reserva de posto, consonte ó disposto nos artigos 20 do Decreto 93/9, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo da Xunta de Galicia e artigo 58 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo da Administración do Estado.”

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xullo do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como as delegadas en materia de persoal pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 17/06/2011,

## RESOLVO

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente ao funcionario técnico de administración xeral D. Secundino Otero Faílde ao posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo” actualmente vacante na vixente Relación de Postos de Traballo municipal (posto código 107.09, código retributivo 650) tras a reestructuración efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/07/2011, nos termos dos fundamentos xurídicos sinalados, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**26(878).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DE D<sup>a</sup> MARTA RIOBÓ IBAÑEZ E D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUISA SOBRINO DEL RÍO Ó ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA. EXPTE. 22170/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 4.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local , na súa sesión de data 3 de xullo de 2011 acordou a modificación da vixente R.P.T., aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, procedéndose a creación na Área de Urbanismo e Vivenda, o Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos, e a integración nel dos servizos de Barrios Históricos (Cod 406) e o servizo de Patrimonio Histórico (Cod 413).*

*Así mesmo acordouse a redención do posto de traballo de “xefe/a do servizo de medio ambiente, sanidade e consumo” en “xefe/a do servizo de Rehabilitación e Cascos históricos”, modificando o seu complemento específico que pasa a ser o Codg 625 e a súa adscripción a Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod 400), así como a redención do posto “Adxunto xefe de Intervención Urbanística” en “Xefe de Servizo da Área Técnica”, encadrándose na Xefatura da Xerencia de Urbanismo e modificándose así mesmo o seu complemento específico, pasando do Cod 650 ao 625.*

*Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidentencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño de 2011,*

**R E S O L V O:**

*“Primeiro.- Readscribir provisionalmente a Técnica de Administración xeral D<sup>a</sup>. D<sup>a</sup>.Marta Riobo Ibañez, con nº de persoal 76267 ao posto de “xefe/a do servizo de Rehabilitación e Cascos históricos”, encadrándose na Área de Urbanismo e Vivenda (persoal municipal adscrito a X.M.U).- Xefatura da Xerencia de Urbanismo*

*Segundo.- Readscribir provisionalmente a Arquitecto Municipal D<sup>a</sup>. D<sup>a</sup>.Maria Luisa Sobrino del Rio,, con nº de persoal 24070 ao posto de “Xefe de Servizo da Área Técnica”, encadrándose na Área de Urbanismo e Vivenda (persoal municipal adscrito a X.M.U)-Xefatura da Xerencia de Urbanismo*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do día seguinte a súa notificación, dese traslado ás interesadas, a 1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos, Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal , Xerente do Organismo Autónomo Municipal Xerencia de Urbanismo, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, , Organización e Métodos, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, os efectos oportunos.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e*

*condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**27(879).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO POLA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE DO 15 Ó 18 DE AGOSTO DE 2011. EXPTE. 80142/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 21.07.11, conformado polo concelliro-delegado de Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á JOSÉ PORTO PADIN, Secretario da AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE (en nome da Irmandade de Devotos de San Roque) á ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, na rúa Filipinas, na fronte do muro da propia finca de San Roque e até a rúa Rola e sen que en ningún caso sobrepase a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso cinco metros durante os vindeiros días 15,16,17 e 18 de agosto de 2011, podendo iniciar a montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Así mesmo e para os efectos de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa na rúa Filipinas entre a rúa Couto de San Honorato e a Baixada a San Roque.

Deberase sinalizar e balizar o contorno afectado de conformidade coa normativa actual en materia de Tráfico e Seguridade Vial tanto de día como de noite. Así mesmo, deberase dar a suficiente difusión pública das modificacións puntuais do tráfico.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabañeiros xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro o blanco e outras similares.

Axustaránse así mesmo, ás seguintes normas:

Horario máximo autorizado::3. 30 horas, coas ampliacións previstas na Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de aperturas e peche dos espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 117, de 20 de xuño de 2005)

Límite transmisión ruido: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibración, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espazo do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños.
- A ocupación non exterior da finca de San Roque só se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.
- O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente no lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.
- No tocante ao aparcamento das caravanas, infórmaselles que poderán aparcalas na rúa Filipinas até o Colexio HOGAR nos números pares.
- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como proliferadora actualmente mediante un grupo halógeno, entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

**28(880).- APROBACIÓN INICIAL DO “ESTUDIO DE DETALLE TRAVESÍA DE PINO Nº 6”. EXPTE. 13281/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral e o director de Planeamento e Xestión, do 18.05.11, conformado polo xerente de Urbanismo e conforme coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 2.06.11, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 13281/411, aprobar inicialmente o «ESTUDIO DE DETALLE TRAVESÍA DE PINO, Nº. 6», promovido pola mercantil “Promociones Bonafides, SL.” e redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Mar Martínez Boga, con visado colexial de data 28.02.2011.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na páxina web do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo aos interesados, entre os que se contarán as Comunidades de Propietarios dos edificios de Avenida Alcalde Gregorio Espino nº. 8 (esquina

Travesía de Pino) e Telefónica de España, S.A. (rúa Urzaiz, nº. 133), coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite.

**29(881).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE 21-PENÍS DE ARRIBA. EXPTE. 4869/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, do 8.06.11, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22.07.11, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a segunda operación xurídica complementaria do proxecto de compensación da U.E. 2 PENÍS DE ARRIBA aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 07.04.2008 (expte. 4642/401), de conformidade coa documentación presentada o día 07.10.2010 no Rexistro xeral da XMU e redactada en maio de 2010 polo arquitecto D. José A. Martín Curty, con data de visado colexial dos planos do 01.10.2010.

SEGUNDO.- Requirir á Xunta de Compensación para que inste á inscrición da presente operación xurídica complementaria no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto no artigo 6 do RD 1093/1997.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados significándolles que contra o mesmo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante esta Administración municipal no prazo dun mes dende o día seguinte á súa notificación, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen pertinentes.

**30(882).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN INCLUÍDAS NO «PROXECTO COMPLEMENTARIO DE URBANIZACIÓN DE 384 VPP EN SAN PAIO DE NAVIA-VIGO (EXPTE. PO-2004/010) – INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 88/403-4981/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 11.02.11, e conforme coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22.07.11, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Recíbanse as obras de urbanización incluídas no «PROYECTO COMPLEMENTARIO DE URBANIZACIÓN DE 384 V.P.P. EN SAN PAIO DE NAVIA, VIGO – Expte. (PO-2004/010) INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO – XUNTA DE GALICIA», redactado con data decembro de 2009 polos arquitectos Sres. Fraga, G. Quijada e Portolés.

SEGUNDO: Dease traslado do acordo de recepción ó IGVS, ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras, Electromecá-

nicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO.

**31(883).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DAS PRAZAS PÚBLICAS Nº 1,2, 3, 5 E 6 PREVISTAS NO MODIFICADO DO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ESPAZO VERDE SAN PAIO DE NAVIA”. EXPTE. 81/403-4903/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 26.05.11, e conforme coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 22.07.11, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Recíbanse as obras de urbanización das prazas públicas núms. 1, 2, 3, 5 e 6 previstas no modificado do «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ESPAZO VERDE SAN PAIO DE NAVIA», promovido por Xestur Pontevedra, S.A. e o IGVS (CMATI) no ámbito do PAU/PP de Navia e redactado polos arquitectos Sres. Davila Alonso, Álvarez Míguez, Filgueira García, Cacabelos Rico, Cordeiro Rodríguez, Meijide Rico e Jiménez López, con visado colexial do 04.11.2008.

SEGUNDO: Dease traslado do acordo de recepción ó IGVS, Xestur Pontevedra, S.A., ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO.

**32(884).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A UTE SANEAMENTO VIGO POLAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO DO RURAL DE VIGO LOTE II. EXPTE. 60081/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 21.07.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*A empresa UTE SANEAMENTO VIGO con NIF: U36895845, como adxudicataria das obras de “ ampliación da infraestrutura de saneamento no rural de Vigo “ presentou os avais que se relacionan a continuación, correspondentes ás garantías iniciais e sucesivas por modificación de proxectos, revisións de prezos e liquidación das obras.*

			AVAIS		
Nº EXPEDIENTE	OFICINA	Nº DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN	DATA	IMPORTE €
60081	250	90156800	200300065976	15/12/2003	102.313,82
60082	250	90156802	200300065977	15-dic-03	21.468,24
60083	250	90156816	200100069228	19-dic-01	199.872,59
60084	250	90156816	200100069254	19-dic-01	205.558,16
60085	250	90156808	200500055635	2-nov-09	21.410,88
60086	250	90156806	200500045846	10-oct-05	10.810,71
60087	250	90156804	200500045844	10-oct-05	10.270,89

*O contrato establece un prazo de garantía de 6 anos.*

*A acta de recepción das obras ten data de 21 de novembro de 2003 polo que ao estar rematado o prazo de garantía o contratista solicita a devolución dos avais.*

*Solicitouse informe á concesionaria dos servizos de saneamento e abastecemento de auga, Aqualia, sobre o estado das instalacións.*

*Todos eles son favorables salvo vicios ocultos, excepto o correspondente ao LOTE II por importe de 102.313,82 € toda vez que se teñen detectado deficiencias no pavimento das rúas Cacheno, Chans e Eifonso que deberán ser subsanadas previamente á devolución do mentado aval.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/08/2010 adoptou o acordo de proceder á devolución dos avais a favor da UTE SANEAMENTO VIGO con CIF U36895845 correspondentes aos seguintes expedientes de obras:*

			AVAIS		
Nº EXPEDIENTE	OFICINA	Nº DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN	DATA	IMPORTE €
60082	250	90156802	200300065977	15-dic-03	21.468,24
60083	250	90156816	200100069228	19-dic-01	199.872,59
60084	250	90156816	200100069254	19-dic-01	205.558,16
60085	250	90156808	200500055635	2-nov-09	21.410,88
60086	250	90156806	200500045846	10-oct-05	10.810,71
60087	250	90156804	200500045844	10-oct-05	10.270,89

*Polo tanto, quedaba pendente a devolución do aval correspondente ao Lote II por importe de 102.313,82 €.*

*A empresa procedeu á subsanación das deficiencias no pavimento das rúas Cacheno, Chans e Eifonso e tras solicitar informe á concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de auga, ésta informa favorablemente o arranxo de tales deficiencias.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución do aval a favor da U.T.E. SANEAMENTO VIGO con CIF U 36895845 correspondente ao seguinte expediente:*

Nº EXPEDIENTE	OFICINA	Nº DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN	DATA	IMPORTE €
60081	250	90156800	200300065976	15/12/2003	102.313,82

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **33(885).- REMISIÓN DO LOCAL “EMPECE” POR CESE DE ACTIVIDADE. EXPTE. 7977/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.07.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Ciudadá e Voluntariado e a concelleira de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno local de data 7 de maio de 2007 que di o seguinte:

*“- Asignar a xestión do inmóbel municipal da rúa Cánovas del Castillo 2 (plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta), edificio da antiga Escola de Hostalaría, á área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, para o seu uso como espazo municipal de promoción de novas iniciativas empresariais e ubicación da estrutura técnica do Servizo de asesoramento para emprendedores/as (SAE), coa denominación proposta de Enclave municipal para a promoción do emprendemento e a creación de empresas (EMPECE).*

*- Destinar a 4ª planta do edificio a viveiro ou incubadora de novas empresas, ubicando, en colaboración co proxecto “Equal-Conta con elas”, do que é organismo público responsable a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o denominado Espazo da muller emprendedora (EME) que, a expensas dunha posterior regulación detallada das súas condicións de acceso e uso, terá como características principais as seguintes: os proxectos empresariais deberán ser promovidos por mulleres de calquera dos concellos da Mancomunidade de Vigo e as empresas acollidas deberán ser viables técnica e economicamente, e de nova creación.*

2º.- Asignar a xestión do inmovible municipal da rúa Cánovas del Castillo 2 (plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta), edificio da antiga Escola de Hostelería, á concellería de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación.

**34(886).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 17.690,01 € A FAVOR DE SILSANDE S.L. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN TURÍSTICA DE VIGO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS EN CASTRELOS. EXPTE. 4014/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 9.06.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convalidación das actuacións e a indemnización substitutiva de gasto a favor da empresa Silsande con CIF: B36957934, polo importe de 17.960,01€ de acordo coa factura nº 25/2011 de data 06.06.2011, con cargo a partida da Concellería de Turismo, actividades de promoción turística 4320.227.99.04 xerada polas actuacións de promoción de Vigo vencelladas coa celebración do día das letras galegas en Castrelos o pasado 15 de maio de 2011.

**35(887).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 17860 € A FAVOR DE SILSANDE S.L. POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN TURÍSTICA DO DOCUMENTAL NOVO VIGO VELLO. EXPTE. 4012/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 9.06.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PYMES, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convalidación das actuacións e a indemnización substitutiva de gasto a favor da empresa Silsande con CIF: B36957934, polo importe de 17.860,00€ de acordo coa factura nº 24/2011 de data 03.06.2011, con cargo a partida da Concellería de Turismo, 4320.227.99.04, actividades de promoción turística, xerada polo pase do documental Novo Vigo Vello en once asociacións veciñais os pasados meses de marzo e abril de 2011.

**36(888).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO 2010. EXPTE. 8406/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 26.07.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 16 de xuño de 2011, en base a Orde do 31 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión des subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, co expediente TR331A, 2011/184-0, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 79.764,63€ para o ano 2011 e de 8.751,33 para o ano 2012 (inclúe a contratación de 3 técnicos de orientación dende 1 de febreiro de 2011 ata 31 de xaneiro de 2012 e un 15% de gastos xerais só do mes de xaneiro de 2012) para a posta en marcha do programa de Información, Orientación e Busca de Emprego.

	Ano 2011	Ano 2012
Gastos de persoal	79.764,63	7.251,33
Gastos xerais	0,00	1.500,00
Total global	79.764,63	8.751,33

2º.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa de Información, Orientación e Busca de Emprego, conforme ao establecido na orde de 31 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

**37(889).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.